

Intervención arqueolóxica na igrexa de San Pedro de Filgueira (Crecente, Pontevedra) para a identificación e exhumación dos restos de César Alberte

INFORME-MEMORIA



Arqueólogo director: Mario César Vila

Promotor: Universidade de Santiago de Compostela

Datas traballos de campo: 24 novembro 2021 – 3 decembro 2021

Expediente S. Arqueoloxía: 02.C.1161.2021.001

Código SXPA: CT 102A 2021/864-0

Código interno: T-21-273



Imaxe 1: *Proceso de exhumación*



▷ TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L. ▷ CIF B70608948
 ✉ info@tempos.es 🌐 www.tempos.es 📞 📱 TemposArqueologos
 ☎ 677 164 635 ☎ 650 337 454



Empresa inscrita no Rexistro Mercantil con número de protocolo 2020/58, asento 79, Diario 112, inscrición primeira de folia SC50498, folio 62, tomo 373, Sección Xeral de Sociedades

Índice

1.Ficha técnica	4
2.Normativa aplicable	5
3.Antecedentes	15
4.Localización do ámbito de traballo.....	17
5.Contexto da investigación	19
6.Pescudas sobre César Alberte	24
7.Desenvolvemento da escavación arqueolóxica e resultados	28
7.1.Obxectivos	28
7.2.Metodoloxía.....	29
7.3.Estratexia de escavación	35
7.4.Actuación arqueolóxica.....	37
7.5Unidades estratigráficas e interpretación cronolóxica	58
7.6Materiais arqueolóxicos recuperados	61
Inventario de materiais arqueolóxicos.....	64
7.7Informe antropolóxico preliminar	65
8.Conclusións.....	83
9.Planimetría	85
01.Situación das sondaxes	
02.Planta de unidades estratigráficas e cotas	
03.Planta de detalle da UE17 e cotas	
04.Plante de detalle do individuo 1 e cotas	
05.Representación das unidades estratigráficas sobre imaxe xerada mediante fotogrametría terrestre.	
06.Seccións N-S	
07.Cotas fosa individuo 1	
08.Representación do individuo 1	

1. Ficha técnica

Actuación: Intervención arqueolóxica na igrexa de San Pedro de Filgueira (Crecente, Pontevedra) para a identificación e exhumación dos restos de César Alberte.

Clasificación da actividade: Actuación ligada a un programa de investigación.

Data de execución en campo: 24 de novembro a 3 de decembro de 2021.

Expediente S. Arqueoloxía: 02.C.1161.2021.001

Código SXPA: CT 102A 2021/864-0

Promotor: Universidade de Santiago de Compostela

Supervisión: Consellería de Cultura, Educación e Universidade

Arqueólogo director: Mario César Vila (TEMPOS ARQUEÓLOGOS)

Médico forense: Fernando Serrulla Rech (IMELGA)

Coordinador do proxecto: Lourenzo Fernández Prieto (USC)

Coordinador do proxecto arqueolóxico: José Carlos Sánchez Pardo (USC)

Asistente de dirección arqueolóxica: Iván Rodríguez Franco (TEMPOS ARQUEÓLOGOS)

Equipo técnico: Francisco Alonso Toucido (arqueólogo), Ainhoa Dapena Bugallo (arqueóloga e antropóloga física e forense), Celtia Rodríguez González (arqueóloga), Serxio Sánchez García (arqueólogo), Víctor Vicente García (arqueólogo), David Vidal Agüete (arqueólogo)

Empresa arqueolóxica:

TEMPOS ARQUEÓLOGOS, S.L.

CIF B70608948

Tel. 650 33 74 54 – 677 16 46 35

Info@tempos.es www.tempos.es

Redactores

Mario César Vila, Iván Rodríguez Franco e Ainhoa Dapena Bugallo

2. Normativa aplicable

No ámbito da normativa internacional, ademais dos tratados relativos á actividade arqueolóxica, cómpre sinalar, a tenor da especificidade da que aquí se proxecta, que o Estado español ratificou no ano 2009¹ a Convención Internacional para a Protección de todas as Persoas contra as Desaparicións Forzadas de 2006. Segundo o artigo 2 da Convención, enténdese por desaparición forzada “o arresto, a detención, o secuestro ou calquera outra forma de privación de liberdade que sexan obra de axentes do Estado ou por persoas ou grupos de persoas que actúan coa autorización, o apoio ou a aquiescencia do Estado, seguida da negativa de recoñecer dita privación de liberdade ou do ocultación da sorte ou o paradiro da persoa desaparecida, substraéndoa á protección da lei”.

A Convención non só establece a obriga dos Estados de tipificar este tipo de delitos e castígalos conforme á súa gravidade, senón que sinala tamén o deber das administracións públicas de buscar, de oficio, ás persoas sometidas a desaparición forzada, así como a esclarecer a sorte das mesmas. Do mesmo xeito, recoñece o dereito dos familiares e achegados a coñecer a verdade sobre o acontecido cos seus seres queridos. En consecuencia, o cumprimento das obrigas – de investigación das denuncias e a localización dos corpos – deben ser tarefas asumidas pola autoridade e realizadas cos recursos necesarios e apropiados para elo (art. 24).

En relación á normativa estatal e autonómica, ademais do disposto no Decreto 151/2014, de 20 de novembro, de sanidade mortuoria de Galicia, así como no Regulamento dos Cemiterios Municipais, tense en conta para a redacción da presente memoria o disposto na lexislación vixente en materia de patrimonio cultural de Galicia.

Aínda que non é obxecto do proxecto abordar, nin moito menos resolver, a pertinencia da inclusión da fosa na que se pretende intervir como un ben do patrimonio cultural de Galicia, cómpre mencionar que unha das eivas da vixente

¹Mediante instrumento de ratificación do 14 de xullo de 2009 (BOE núm. 42 do 18 de febreiro de 2011).

Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia é que elementos como este non teñen un doado encaixe.

A Lei 3/1999, de 10 de marzo, do Patrimonio Cultural Aragonés é a única norma das súas características do ordenamento xurídico español que recolle as fosas como un tipo de elementos culturais que, en tanto que pertencentes á categoría de “lugar da memoria democrática de Aragón” poden ser obxecto de declaración como Bens de Interese Cultural por figurar entre os bens máis relevantes do patrimonio cultural aragonés (art. 12).

Isto non ocorre, como se sinalaba, coa Lei 5/2016, na cal elementos como as fosas comúns ou outros espazos relacionados coa memoria democrática deben buscar acubillo nas categorías que a norma galega establece no seu artigo 10, categorías que a priori, non se axustan ás características deste tipo de espazos, coa inseguridade xurídica que diso se deriva.

De entre as categorías recollidas nese artigo 10, na que mellor acomodo – ou menos malo - é na categoría de xacemento arqueolóxico ou na de sitio histórico. Cómpre traer a colación o sinalado no Decreto 299/2008, de 30 de decembro, polo que se declaran ben de interese cultural, coa categoría de sitio histórico, as Torres de Meirás, situadas no termo municipal de Sada, na provincia da Coruña. Neste Decreto arguméntase que a categoría referida é “a que se adecúa con máis exactitude aos valores culturais que se transmiten a través da rica estrutura espacial do conxunto de elementos que conforman as Torres de Meirás, que conteñen en si mesmos a memoria de momentos importantísimos da historia de Galicia e do Estado español”.

Sexa como fóra, a necesidade da elaboración e presentación desta memoria ven marcada pola necesidade de realización dunha actividade arqueolóxica, en concreto unha sondaxe arqueolóxica, tipoloxía de intervención recollida no artigo 95.b da Lei 5/2016 e regulada mediante o Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na comunidade autónoma de Galicia.

Para a elaboración do proxecto, posterior execución dos traballos de campo e memoria técnica no caso de que a actividade arqueolóxica sexa autorizada, tense tamén presente o disposto na Lei 52/2007 á que antes se fixo

referencia², así como o Protocolo de actuación en exhumacións de vítimas da guerra civil e a ditadura, publicado mediante Orde PRE/2568/2011, así como outros protocolos nacionais e internacionais, particularmente os coñecidos como Protocolo de Estambul e Protocolo de Minnesota.

A Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e amplían dereitos e se establecen medidas en favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, dispón no seu artigo 1 que o obxecto da norma é “recoñecer e ampliar dereitos a favor de quen padeceron persecución ou violencia, por razóns políticas, ideolóxicas, ou de crenzas relixiosas, durante a Guerra Civil e a Ditadura, promover a súa reparación moral e a recuperación da súa memoria persoal e familiar, e adoptar medidas complementarias destinadas a suprimir elementos de división entre os cidadáns, todo ilo co fin de fomentar a cohesión e solidariedade entre as diversas xeración de españois en torno aos principio, “valores e liberdades constitucionais”. Ademais, engádese que se pretende “o fomento dos valores e principios democráticos, facilitando o coñecemento dos feitos e circunstancias acaecidos durante a Guerra civil e a Ditadura e asegurando a preservación dos documentos relacionados con este período histórico e depositados en arquivos públicos”.

A lei sinala tamén que as Administracións públicas, no marco das súas competencias, facilitaranlle aos descendentes directos das vítimas que así o soliciten as actividades de indagación, localización e identificación das persoas desaparecidas violentamente durante a Guerra Civil ou a represión política posterior e cuxo paradiro se ignore (art. 11), para o cal polas Administracións públicas competentes de acordo coa normativa sobre patrimonio histórico e o protocolo de actuación autorizarán as tarefas de prospección (art. 13).

Ese protocolo, recollido no artigo 12 da Lei 52/2007 foi publicado no Boletín Oficial do Estado (BOE núm. 232, de 27 de setembro de 2011) por medio da Orde

²Cómpre sinalar Galicia non desenvolveu regulación propia, ao igual que Madrid, A Rioxa, Castela - A Mancha e Murcia. Se ben o 18 de decembro de 2008 subscribiuse un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dos traballos de exhumación e identificación das vítimas da represión na Guerra Civil, ou máis recentemente, o Convenio, subscrito tamén entre as mesmas partes, no que se enmarca este proxecto.

PRE/2568/2011, de 26 de setembro, logo do Acordo adoptado polo Consello de Ministros a tal efecto na súa reunión do día 23 de setembro do 2011.

O protocolo elaborouse coa finalidade de servir como guía metodolóxica e procedimental, coa finalidade de servir de referencia para quen desexan iniciar un proceso de busca, recuperación e identificación de persoas desaparecidas, naqueles casos nos que non exista protocolo de actuación aprobado pola correspondente Comunidade Autónoma.

Segundo o recollido no devandito protocolo³, considérase que a apertura e exhumación dunha fosa común é unha tarefa interdisciplinar e que require a intervención de historiadores, arqueólogos e especialistas forenses.

A solicitude para a realización de traballos relativos á apertura e exhumación dunha fosa común debe ser presentada, tal e como se sinala no protocolo de actuación, debe ser aprobada pola Comunidade Autónoma correspondente e pola entidade local na que se atopen os restos, e deben ir acompañadas nun proxecto no que, sempre que sexa posible, se acreditarán os seguintes extremos:

- Identificación do organismo, asociación ou particular que promove a actuación e razóns para elo.
- Estudo documental previo sobre a localización da fosa e dos individuos que poden aparecer.
- Identificación do equipo técnico que pocederá á exhumación, con identificacións dos responsables.
- Características esenciais do proxecto de intervención arqueolóxica e no seu caso, da investigación forense a realizar.
- Calquera outro dato que sexa de interese para a avaliación e viabilidade do proxecto.

Una vez que a Administración autorice as actuacións contidas no proxecto, o procedemento constará das seguintes fases:

- Investigacións preliminares.
- Intervención arqueolóxica.
- Investigación forense dos restos humanos.

³Recóllese parte do contido do Protocolo coa finalidade de que sirva tamén como guía metodolóxica durante a execución dos traballos.

- Informe final.
- Destino final dos restos.

En canto á intervención arqueolóxica, o protocolo distingue tres apartados: informes e autorizacións, as actuacións propiamente ditas e o informe final.

En cantos os **informes e autorizacións**, os promotores da exhumación deben realizar as seguintes actuacións:

- a) Elaborar un informe previo sobre a situación e características da fosa.
- b) Elaborar un proxecto de intervención único que englobe, como primeira fase, a de prospección do entorno da fosa, para a súa localización exacta e unha segunda fase de escavación, a non ser que o proxecto soamente contemple un dos aspectos, por pospoñer a segunda ou por estar a primeira xa realizada.

O contido do proxecto será o seguinte:

- Descrición dos traballos de arqueoloxía e planificación.
 - Metodoloxía, no que deberá consignarse no caso da prospección a execución de tarefas de observación e/ou o uso de métodos xeofísicos de teledetección. Tanto na prospección como na escavación, explicarase a metodoloxía empregado no rexistro de datos e documentación, o tratamento e depósito dos materiais. Deberanse empregar as técnicas de prospección máis adecuadas segundos os estándares de investigación admitidos internacionalmente.
 - Medios humanos e materiais.
 - Tempo de execución da intervención ou data de inicios dos traballos.
 - Custo previsto da intervención.
- c) Solicitar os permisos e autorizacións correspondentes:
 - Permiso por escrito dos familiares dos falecidos ou dos seus representantes legais. No caso necesario, tanto a entidade local como a Comunidade Autónoma onde se sitúen os restos deberán realizar publicacións en taboleiros municipais, boletíns provinciais ou autonómicos ou diarios de maior difusión.

A oposición por parte de calquera dos familiares ou das entidades que os representan á exhumación deberá ser ponderada pola Comunidade Autónoma, á vista do cal e tendo en conta os intereses dos familiares en primeiro termo, logo de darlle audiencia a estes interesados, decidirá a realización total, parcial ou a non realización dos traballos.

- Acceso aos terreos: no caso de que se trate de terreos de titularidade pública, as autoridades competentes autorizarán, salvo causa xustificada de interese público, a ocupación temporal dos terreos. Si se trata de terreos de titularidade privada, deberase obter o consentimento dos titulares de dereitos afectados sobre os terreos nos que se atopen os restos. Se non se obtivese o dito consentimento, deberáselle comunicar á Administración competente para o inicio dos trámites para a ocupación temporal dos terreos.

A ocupación temporal dos terreos terá a duración estritamente necesaria para a realización das tarefas de prospección e escavación e rexirase polo previsto na normativa aplicable en materia de expropiación forzosa. AS actuación reiniciaránse cando se resolva o expediente administrativo sobre ocupación dos terreos.

- Deberase solicitar autorización para realizar as tarefas de prospección, exhumación e identificación á Administración titular dos terreos. Ademais deberase cumprir cos requisitos establecidos polas Comunidade Autónomas en canto a escavacións arqueolóxicas (obtención de permisos, rexistro de materiais, prazos, etc).

Tamén se necesita o correspondente permiso da entidade local onde de atopen os restos, nos casos en que resulten afectadas as competencias de execución que corresponden aos municipios ou outros entes locais (cemiterios e servizos funerarios, execución urbanística, obras ou outros servizos).

- Os achados poranse inmediatamente en coñecemento da entidade local correspondente, da Comunidade Autónoma, Policía ou Garda Civil, así como ao Xulgado de Instrución competente. Se se trata de terreos

adscritos á Administración Xeral do Estado ou as súas entidades instrumentais, tamén de porá no seu coñecemento.

Xa no relativo as **actuacións propiamente ditas**, o protocolo especifica que os pasos a seguir son os seguintes:

- Planificación: dirección, identificación dos membros do equipo, distribución de tarefas, plan de escavación, material necesario. Respecto aos membros do equipo e na medida en que así o requiran as necesidades de exhumación, articularase a participación de todos ou algún dos seguintes técnicos:

- Arqueólogos: dirixirán a actuación dende o punto de vista da arqueoloxía. Sería preferible que tiveran experiencia na escavación de necrópoles.

- Expertos en antropoloxía forense: realizarán a investigación in situ cando sexa necesaria e a vixilancia do traslado dos materiais.

- Expertos en menciña forense: se a exhumación se realiza dentro dun cemiterio.

Por outra parte, o material necesario dependerá da localización da fosa así como do número de persoas cuxa localización e exhumación se pretende. Débese dispor do equipo de escavación necesario segundo os estándares da investigación recoñecidos internacionalmente, sendo recomendable o uso de instrumentos pequenos como palustres, brochas, espátulas de madeira e instrumentos odontolóxicos. A utilización de medios mecánicos deberá ser excepcional e xustificada en cada caso.

- Documentación das tarefas realizadas. A título de exemplo, e como referencia, a documentación podería facerse en texto, debuxo, foto e vídeo. Debese fotografar a zona de traballo antes de iniciar as tarefas e despois de que conclúan. Así mesmo, elaborárase un "Diario" das actuacións, especificando os técnicos que interveñen, tempo de dedicación e as incidencias que se produzan.

En tal sentido, débese documentar sobre o terreo calquera dato que axude na identificación dos restos, a recollida de calquera elemento asociado aos individuos (efectos persoais, restos de tecidos, etc) ou aos

feitos ocorridos (casquiños e restos de munición, etc).

- Escavación: aos procedementos de escavación asistirán, si así manifestaron o seu desexo, os familiares directos das vítimas.

Son de aplicación ás intervencións arqueolóxicas as previsións do título V, relativas ao patrimonio arqueolóxico, da Lei 16/1985, de 25 de xullo, sobre o Patrimonio Histórico Español, así como as normas aprobadas sobre esa materia polas CCAA.

Estes procedementos axustaranse aos estándares de investigación recoñecidos internacionalmente. A tal fin, estímase de especial importancia actuar tendo en conta as seguintes consideracións:

- Débense ter en conta os fundamentos do procedemento de escavación en canto a referencias métricas, extracción ordenada, cribado de terras, toma de mostras, retirada de terras, observación dos perfís de gabiá, protección do lugar, recolección de evidencias, observación do material in situ, tratamento dos restos, etc.

- É fundamental o establecemento dun perímetro de seguridade, balizado e protexido para evitar o deterioro ou espolio dos restos, ao que só teña acceso o persoal autorizado. En todo caso débese poñer especial coidado e meticulosidade na conservación e non deterioro dos materiais extraídos.

- En caso de localización de restos, comunicáraselle tanto á Comunidade Autónoma, como á entidade local, ao Xulgado de instrución competente, como á policía ou garda civil a entidade e características dos achados.

- Levantamento de restos: realizarase sempre coa participación de expertos en antropoloxía forense, garantindo a cadea de custodia a fin de reflectir todas as incidencias da mostra, dende que se realiza a toma ata que se destrúe ou devolve.

- Custodia dos restos e extracción de mostras: os expertos elixirán mostras que sexan significativas para proceder á identificación dos restos achados e que permitan un mellor análise para os fins deste protocolo.

En canto ao resto dos achados, se non fóra factible o seu traslado ao

laboratorio que realice as análises, serán ou ben trasladados ao cemiterio do municipio, ou ben a aquel lugar que o Concello especifique, ou ben, manteranse debidamente protexidos e referenciados, no lugar do achado. A oposición a elixir será a que apunten os expertos en antropoloxía, de acordo cos medios que ofrezca o Concello ou a Comunidade Autónoma e sempre tendo en conta a necesidade de identificación e preservación dos restos.

En calquera caso, o traslado e a preservación realizaranse de acordo cos Regulamentos de Policía Sanitaria Mortuoria vixentes en cada Comunidade Autónoma, a normativa local que sexa de aplicación ao caso, ou a estatal, no suposto de que os restos se foran a trasladar a outro país.

- Traslado de mostras: deberanse reflectir e archivar datos na toma de mostras, na conservación, no transporte, na entrada ao laboratorio, durante o análise, e despois da análise. O informe, en todo caso, debe axustarse á Orde JUS/1291/2010, de 13 de maio, pola que se aproban as normas para a preparación e remisión de mostras obxecto de análise polo Instituto de Toxicoloxía e Ciencias Forenses (BOE de 19 maio de 2010), cando sexan remitidas a dito instituto.

No resto dos caos poderán servir ditas normas de referencia para o análise das mostras, ao igual que as Recomendacións para a recollida e o envío de mostras con fins de identificación xenética da Sociedade Internacional de Xenética Forense, publicadas polo Ministerio de Xustiza.

En todo caso, o traslado de restos requirirá autorización da Comunidade Autónoma e Entidade Local competente e farase de acordo cos Regulamentos de Policía Sanitaria Mortuoria vixentes en cada Comunidade Autónoma, coa normativa local, ou estatal, no suposto de que os restos se vaian a trasladar a outro país.

Xa por último, no relativo ao **informe que debe dar conta dos traballos realizados**, o protocolo sinala que se especificarán as seguinte cuestións:

- Os compoñentes do equipo, as tarefas asignadas e as tarefas realizadas.

- Descrición e inventario dos restos localizados.
- Situación dos restos exhumados.
- Medidas de protección e conservación dos restos dende o seu descubrimento ata o seu destino previsto, especificando responsables e os detalles de conservación, embalaxe e depósito dos restos.
- Xuntarase levantamento planimétrico e unha ficha para cada individuo, no que se consignarán as incidencias antropolóxicas destacables.
- Xuntaranse os documentos gráficos e fotográficos pertinentes.



Imaxe 2: *Proceso de exhumación*

3. Antecedentes

A I Conferencia Sectorial de Memoria Democrática – órgano creado para a cooperación entre administracións coa fin de levar a cabo tarefas consultivas, decisorias e de coordinación entre o Estado e as comunidade autónomas en todo o relativo ás políticas de Memoria Democrática – acordou en marzo do 2021 os criterios de reparto, así como o propio reparto, dos fondos previstos nos Orzamentos Xerais de 2021, para busca, identificación e dignificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a Ditadura.

O crédito destinado á Comunidade Autónoma de Galicia ascende a 106.395,08€, os cales teñen como obxecto a realización das tarefas de localización, exhumación e identificación de persoas desaparecidas durante a Guerra Civil e a Ditadura, así como para actividades de divulgación dos traballos efectuados e resultados conseguidos e de dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria asociados aos mesmos.

Con esta finalidade, subscríbese un convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver, ao longo do período 2021-2024, as seguintes liñas estratéxicas:

- Localización, exhumación e identificación de vítimas.
- Divulgación de traballos efectuados e resultados conseguidos.
- Dignificación dos lugares de enterramento e promoción dos lugares de memoria.

No devandito Convenio especificácase que, as tarefas a realizar en 2021 foron as seguintes:

- **Realización da exhumación e identificación da fosa no Concello de Crecente, provincia de Pontevedra.**
- Realización dunha intervención en Vilagarcía de Arousa, provincia de Pontevedra.


- Traballo de investigación e análise de restos no Concello de Aranga, provincia de A Coruña. O traballo levaríase a cabo por parte dos historiadores para buscar documentación, familiares, asociacións, etc. e do forense e xenetista.
- Dignificación dos lugares.



Imaxe 3: *Proceso de exhumación na presenza dos familiares*

4. Localización do ámbito de traballo

A area obxecto da intervención arqueolóxica que se recolle no presente proxecto está situada no concello pontevedrés de Crecente, concretamente na parte posterior da igrexa de San Pedro de Filgueira, situada no núcleo de O Rego.



Imaxe 4: Situación



Imaxe 5: Zona de intervención.

A igrexa, en cuxo entorno inmediato se estima que foron enterrados os restos de César Alberte, está situada no lugar de O Régo, a uns 433 metros ao oeste do Río Miño e a uns 125 ao leste da estrada provincial PO-423. O inmoble está situado nunha zona de pendente acusada, en dirección ao río, salvada polo diferentes socialcos que co paso do tempo se foron efectuando para un mellor aproveitamento da zona. Está emprazado nunha área cuxo substrato é granito alcalino de dúas micas moderadamente leucocrático de gran fino a medio.

5. Contexto da investigación

Ao remate da Guerra Civil, a Administración franquista dispuxo procedementos para que aquelas persoas que o desexaran puideran exhumar algún parente represaliado polo bando leal á República. Con esa finalidade publícase a Orde de 1 de maio de 1940 sobre exhumación e inhumación de cadáveres de asasinados polo vermello, na cal se establece que “toda persona que desee exhumar el cadáver de alguno de sus deudos que fueron asesinados por la horda roja, para inhumarlos de nuevo en el cementerio, puede solicitarlo del Gobernador civil de la provincia correspondiente, que, previa la justificación de aquel extremo, concederá el permiso para le traslado e inhumación con arreglo a las disposiciones sanitarias vigentes”. A solicitude de autorización para a realización da exhumación tiña que ser presentada “por el familiar del finado de máis próximo parentesco, el que, en consideración a la patriótica muerte de su deudo, estará exento de pago de derechos sanitarios”.

ORDEN de 1 de mayo de 1940 sobre exhumaciones e inhumaciones de cadáveres de asasinados por los rojos.

Ilmo. Sr.: Por Orden 6 de mayo de 1939, se dispuso que todo aquel que desease exhumar el cadáver de alguno de sus deudos asasinado por la horda marxista, para ser inhumado en el cementerio, podía solicitarlo dentro del plazo de seis meses, sin que tuviera que abonar derechos sanitarios de ninguna clase.

Numerosas instancias fueron presentadas al amparo de dicha disposición, y muchas más siguen presentándose después de transcurrido el plazo marcado, porque con posterioridad al mismo se van localizando los cadáveres a que se refieren.

Atento este Departamento a atender tan justas aspiraciones de los familiares de aquellos que gloriosamente cayeron por Dios y por España víctimas de la barbarie roja.

He tenido a bien disponer:

Primero.—Toda persona que desee exhumar el cadáver de alguno de sus deudos que fueron asasinados por la horda roja, para inhumarlos de nuevo en el cementerio, puede solicitarlo del Gobernador civil de la provincia correspondiente, que, previa la justificación de aquel extremo, concederá el permiso para el traslado e inhumación con arreglo a las disposiciones sanitarias vigentes.

Segundo.—Si la exhumación y consiguiente inhumación hubieran de hacerse en lugares de distinta provincia, la solicitud habrá de ser elevada a la Dirección General de Sanidad.

También habrá de dirigirse la instancia a la Dirección General de Sanidad cuando la inhumación haya de verificarse en criptas, templos, casas religiosas o en sus locales anejos. Si hubiera de practicarse en alguna iglesia o casa religiosa, habrá de preceder la autorización eclesiástica.

Tercero.—La instancia solicitando la autorización correspondiente será elevada por el familiar del finado de más próximo parentesco, el que, en consideración a la patriótica muerte de su deudo, estará exento de pago de derechos sanitarios.

Imaxe 6: Orde de 1 de maio de 1940 sobre exhumación e inhumación de cadáveres de asasinados polo vermello (BOE núm. 130 de 09/05/1940)

Ao pouco publícase a Orde de 22 de xullo de 1940 aclaratoria da de 1º de maio último sobre exhumacións e inhumación de cadáveres de persoas asasinadas durante o período vermello. Nesta aclárase que o disposto na Orde do 1 de maio do mesmo ano non afectaba “a la eficacia y permanencia de las resoluciones que la autoridad judicial tenga acordadas o acuerde, prohibiendo o condicionando las exhumaciones de cadáveres de hechos delictivos”.

Á súa vez, procedeuse a elaborar unha sorte de censo de persoas falecidas ou desaparecidas que non entraban no suposto de causantes das pensións recoñecidas na lexislación de guerra. Así, mediante Orde de 18 de maio de 1941 pola que se dá prazo para establecer un censo dos familiares dos caídos en defensa de España establécese que as persoas interesadas –“familiares dos caídos en defensa de España” – que careceran de pensión tiñan un mes para formular unha declaración ante a Delegación Rexional do Traballo (art. 1) na que debía figurar o nome do interesado e o do parente falecido, así como o parentesco entre ambos, o número de fillos menores de idade ao seu cargo, patrimonio e ingresos, así como os “servicios prestados a la Patria por el familiar muerto”.

Só os familiares das vítimas do bando franquista foron autorizados a localizar, exhumar e reinhumar os restos dos seus achegados enterrados en fosas comúns. Estes familiares recibiron axudas económicas para levar a cabo estas tarefas e algunhas fosas puideron acoutarse e déuselles a mesma protección legal que aos camposantos.

Neste senso, a comezos de abril de 1940 publícase a Orde de 4 de abril de 1940 dispoñendo que polos Concellos se adopten medidas que garantan o respecto ao lugares onde xacen enterradas as vítimas da revolución marxista. Nesta dispónse que “con el fin de evitar posibles profanaciones y de guardar respeto debido a los restos sagrados de los mártires de nuestra Cruzada, los Ayuntamientos acotarán y cerrarán de modo provisional, pero que reúna las precisas garantías de seguridad, aquellos lugares en donde conste de manera

cierta que yacen restos de personas asesinadas polr los rojos, que non han sido identificados o reclamados por sus familiares” (art. 1).

Feito isto debíase solicitar a declaración do lugar como “terra sagrada”, como si se tratase dun novo cemiterio municipal (art. 2), e no caso de que o número de individuos fora moi reducido, trasladaríanse a unha parcela designada para esta finalidade no cemiterio máis próximo (art. 3).

Coñécense outros exemplos de exhumacións autorizadas e realizadas no pasado século, e tense coñecemento tamén da realización de exhumacións masivas a finais dos 70, cando se transitaba cara a democracia, a pesar de que apenas existe documentación que o acredite. Mais non é ata o ano 2000 cando se comezan a abrir fosas comúns da Guerra Civil española con metodoloxía científica, e cando se comeza a andar un camiño, do que aínda queda moito que transitar, cara a recuperación da memoria democrática, a identificación e recoñecemento das vítimas do xenocidio e a reparación do dano causado nas súas familias.

Dende aquel ano 2000 no conxunto do Estado español exhumáronse máis de 500 fosas comúns e recuperáronse miles de restos (Etcebarria e Solé, 2019), destacando o período comprendido entre o ano 2007 e o ano 2011 en canto ao número de fosas exhumadas, o cal hai que poñer en relación á aprobación da coñecida como Lei da Memoria Histórica no ano 2007, e o apoio – económico - do Goberno central naquela altura.

En Galicia, e atendendo aos datos recollidos por Lourdes Herrasti (2020), nos últimos 20 ano realizáronse un total de 27 exhumacións de fosas comúns recuperándose un total de 75 individuos.



Imaxe 7: Imaxe da exhumación máis recentemente efectuada en Galicia. Trátase da intervención no cemiterio de San Lourenzo de Vilarraso, Aranga (ARDF Desaparecidos)

Unha das 27 exhumacións practicadas tivo lugar no ano 2011 na entrada ao recinto da igrexa de San Pedro de Filgueira, en Crecente. Segundo se pensaba daquela, os restos mortais de César Alberte foran enterrados debaixo da escaleira de acceso ao recinto da igrexa parroquial de Filgueira. Realizouse unha escavación nesta zona localizándose os restos de dous individuos, unha muller de idade media e un varón de idade media, os cales foron sometidos a diferentes análises descartándose que foran os restos de César Alberte.



Imaxes 8-9: Lugar e exhumación realizada no ano 2011 baixo as escaleiras do actual camposanto.

6. Pescudas sobre César Alberte



Imaxe 10: Retrato de César Alberte.

César Alberte Domínguez foi asasinado o 25 de novembro do 1936. A súa familia denunciou a desaparición de César e tanto a súa muller como o seus fillos e fillas prestaron declaración no marco da causa aberta por esta cuestión.

Carme Alberte Alberte, filla de César que cando este foi asasinado tiña 16 anos declarou o seguinte:

“Que serían las doce de la noche del veinticinco de Noviembre, llegaron a la

puerta de su casa unos individuos que llamaron repetidas veces a la puerta, constatándole desde la cama la madre de la declarante para preguntarle quienes eran y qué querían, respondiéndole los que llamaban “Abrid, que somos del Pumar”, y como su madre les dijese que de noche no abrían a nadie, insistieron en que les abriese, porque si no echarían la puerta abajo, entonces, los que llamaban empezaron a empujar en la puerta y al ver que no lograban forzarla, uno dijo a otro “Hay que rodear la casa y subir uno por el balcón, que é dentro está”; al oír ésto, el padre de la declarante les gritó desde la cama diciéndole que sí estaba dentro y que de allí no se marchaba, pero que no le abría la puerta a nadie hasta que fuese de día. Dijeron entonces los de la calle estaba allí la Guardia Civil esperando para recibirle declaración, a lo que replicó el padre se la deponente que si llamase la Guardia Civil, le abriría; replicaron aun los de fuera que la Guardia Civil esperaba en el local de Falange y como ni aun así les abriesen, subió por el balcon uno de ellos, que era Emilio Fernández, y forzando la vidriera, entró en la cas, y poniendo la pistola al pecho al hermano de la que declara llamado Manuel, le obligó a abrirle la puerta de la calle entrando seguidamente otros dos, que eran los hermanos Luiz y Antonio A´lvarez. Entre los tres obligaron al padre de la declarante a levantarse de cama y le dijeron que tenía que acompañarles hasta el Centro de Falange en donde estaba esperando la Guardia Civil para interrogarlo; tanto la que declara como su madre y hermanos y eu mismo padre, suplicaron a los tres sujetos indicados que no lo llevasen, que a la mañana siguiente iría él a entregarse a la Guardia Civil, pero todo fué en vano, pues los sujetos en cuestión lo llevaron consigo, sin hacer caso de los llores de la familia, prometiéndoles que lo traerían de nuevo a casa ellos mismos. Y como los pequeños se abrazasen llorando a las piernas de su padre, los retiraron violentamente a empellones, amenazándolos al mismo tiempo para el caso de que diesen gritos, o de que siguiesen detrás de ellos.”

Tamén prestou declaración daquela o que fora nomeado Xefe Local de Milicias de Falange da Arnoia, César Montero Domínguez:

“Que en efecto, ha sido nombrado para este puesto (Xefe Local de Milicias de Falange) con fecha dieciocho de Noviembre último pero que no ha tomado posesión del mismo, porqué en el pueblo de La Arnoya vienen ejercido su

cacicato LUIS ALVAREZ y EMILIO FERNANDEZ, y tiene temor de que, si pretende hacerse cargo del mando de las milicias, atenten quizá aquéllos contra su vida”.

En relación á desaparición de César Alberte e se este era “un elemento extremista ó peligroso” declarou César Montero:

“Que no presencié nada de este hecho, porque aquella noche se acostó a las ocho y media y no salió de casa hasta el día siguiente; pero supone que al Cesar Alberte lo habrán matado los hermanos Alvarez y el Emilio Fernández”

“Que el César Alberte era un hombre de orden, pro opuesto en la política local al que fué Alcalde y actualmente Delegado Gubernativo D. Evencio Alvarez Bangueses, por disgustos que con éste habia tenido porque el D. Evencio no lo había querido pagar un aumento de sueldo que le habían prometido, siendo el César portero del Ayuntamiento. Que, si bién no lo puede afirmar, porque nó tiene pruebas de ello, en su conciencia está que el inspirador de la muerte del Cesar Alberte ha sido el padre de los hermanos Alvarez, D. Evencio, quizá porque el César sabía irregularidades del Ayuntamiento y sacandole de en medio se libraban de uno que sabía tanto como ellos”.

Tamén prestou declaración o que daquela era Fiscal Municipal de Arnoia, Francisco Alonso Aparicio, o cal afirmou que que o día 26 de novembro veu a César (un día despois de que o sacaran da casa) “*pasar por la carretera hacia Ribadavia a un individuo el que, por llevar gorra negra, y un bastón, que eran prendas de ordinario usadas por el Cesar, y además por haberlo visto de perfil le parece que era el César Alberte”.*

A causa aberta contra os acusados da desaparición de César foi sobreseida posto que estes, segundo informara a Guardia Civil, eran persoas “*de indudable significación nacionalista, y de intachable conducta pública y privada*” e había testemuñas que os viran entrar nas súas casas o día da desaparición de César.

Sobre este, entre os informes que se elaboraron, pódese recoller o elaborado por Perfecto Álvarez por encargo do Xefe Local de F.E. de las J.O.N.S no que relataba que “*el mencionado Cesar Alberte Domínguez venía teniendo una conducta social sospechosa, por cuanto visitaba centros de resistencia, estando afiliado a alguno de ellos, y politicamente se distinguía en propagandista de*

dicha política calificado en esta localidad con el nombre de “Largo Caballero”, por ser de afirmaciones proletarias”. Este mesmo Perfecto Álvarez, en relación a César Montero Domínguez, sobre o cal o Xefe Local de F.E. de las J.O.N.S tamén lle pedira informe, afirma que “perteneció en las últimas elecciones de derechas figurando como falangista, sosteniendo relaciones con su primo Cesar Alberte Dominguez, ya mencionado, según rumores del pueblo sostenia relaciones con los Jefes y dirigentes del Frente Popular, considerándole tenía alguna parcialidad con los mismos”.

Segundo se pensaba Benigno Gil, fillo de Manuel Gil, veciño da Arnoia, dixera que nos primeiros meses da Guerra Civil estaba traballando seu pai en Filgueira e un día veu no río un corpo enganchado nunhas polas que segundo el se correspondía co de César Alberte, pois coñecíanse persoalmente. Dada a negativa do párroco de Filgueira a enterrar os restos no cemiterio, Benigno xunto co seu pai e un irmán enterraron os restos debaixo da escaleira de entrada ao cemiterio. En base a esta información, como xa foi sinalado, no ano 2011 efectuouse unha escavación arqueolóxica neste punto, porén ningún dos individuos identificados se corresponde con César.

Novas informacións aportadas por Eduardo Estévez Blanco, de 88 anos apuntan a que as devanditas escaleiras foron construídas despois da morte de César, no ano 1941 coa chegada dun novo párroco, polo que resultaría incoherente a testemuña antes recollida. Segundo apunta Eduardo, o corpo de César foi enterrado na parte posterior da igrexa, unha zona na que que enterraban tamén meniños que finaban, cuxos restos seguramente continúan na zona. A mesma localización foi apuntada tamén recentemente polo que fora enterrador na parroquia.

7. Desenvolvemento da escavación arqueolóxica e resultados

.1. Obxectivos

Dado que na intervención realizada fai unha década non se identificaron os restos de César Alberte, pretendeuse desta volta, e logo de facer novas pescudas e recompilar a nova información arriba descrita sobre as circunstancias que rodearon a morte e tratamento dos restos desta vítima da represión franquista, proxectar a realización dunha sondaxe arqueolóxica no exterior da cabeceira da igrexa parroquial de Filgueira, Crecente, para identificar a exhumar os restos do finado e proceder á súa devolución á familia.

En concreto o obxectivos que se perseguiron foron:

1. Escavación e identificación dos restos.
2. Documentación e análise de campo do corpo identificado.
3. Exhumación e extracción individual do corpo identificado como represaliado.
4. Rexistro das marcas de violencia visibles nos restos.
5. Análise no laboratorio para obter datos primarios non observados en campo.
6. Relacionar os datos aportados polas fonte bibliográficas e documentais e as testemuñas orais cos datos obtidos durante o proceso de escavación.
7. Adoptar as medidas de conservación e protección necesarias, na preservación dos restos óseos para proceder a análíticas de ADN.

.2. Metodoloxía



Imaxe 11: Labores de exhumación

A sondaxe levouse a cabo con medios manuais, tendo presente o protocolo antes descrito, optando polo uso de instrumentos pequenos como palustres, brochas, espátulas de madeiras e instrumentos odontolóxicos.

Empregouse a técnica de escavación estratigráfica, todo isto circunscrito os límites da sondaxe previamente proposta e a unha posterior ampliación cara o norte de 2 m de longo por 3 m de ancho. En consecuencia, a intervención avanzou seguindo a secuencia estratigráfica real do terreo ata a localización dos restos que posiblemente se correspondan con César Alberte.


O rexistro e descrición dos diferentes estratos e interfaces que compoñen a estratificación arqueolóxica realizouse atendendo aos criterios e prescricións propostas no Edwar C. Harris (1991). Para facilitar e axilizar o rexistro da información durante os traballos de escavación, así como co obxectivo de xerar un rexistro homoxéneo e coherente en canto aos conceptos, termos e criterios de avaliación empregados, dispúxose dunha ficha de rexistro previamente confeccionada, como se xuntou no proxecto de intervención. A listaxe e fichas das diferentes unidades estratigráficas inclúense no anexo correspondente.

A documentación descritiva recolle unha valoración básica da secuencia

estratigráfica documentada na sondaxe. A información estruturouse de forma que primeiro se recolleu o estudo analítico de cada entidade de estratificación identificada, seguido dunha interpretación, referíndose de forma xenérica á explicación do proceso de formación concreto de cada elemento. Cada estrato e elemento identificado ten a súa propia numeración e ficha de rexistro, e relaciónase cunha secuencia cronoestratigráfica global.

Empréganse coordenadas absolutas, utilizando o sistema de coordenadas UTM, coa proxección ETRS89. Para o desenvolvemento da intervención contouse cun GPS subcentimétrico que permitiu recoller datos espaciais, tanto relativos á localización dos restos como para a delimitación e representación dos estratos e interfaces identificados. Fotografáronse todos aqueles elementos e entidades arqueolóxicas que resultaron de interese para os obxectivos deste proxecto. A totalidade do rexistro fotográfico realizouse en soporte electrónico de alta resolución (NIKON D3400).

Para a documentación planimétrica priorizouse o emprego da fotogrametría terrestre, se ben, cando non foi posible, empregouse o método tradicional de debuxo, delineando cada unha das entidades ou elementos de interese identificados en planta ou nas seccións de parede a escala 1:20 para logo procesar os debuxos mediante software de deseño gráfico. (PLANIMETRIAS I).



Imaxe 12. Planta xeral da escavación



Imaxe 13: Proceso de debuxo arqueolóxico de perfís

En consecuencia do exposto, a documentación xerada mediante técnicas como a fotogrametría ou mediante o emprego de instrumentos topográficos de precisión, entrégase anexa en formato electrónico editable, coa finalidade de que permita unha doada interacción entre sistemas SIX.



Imaxe 14: Proceso de toma de cotas da UE17 con GPS subcentimétrico

Ademais, durante a realización do proxecto contouse coa colaboración, tanto na investigación histórica como na busca, localización e exhumación do antropólogo Forense Fernando Serrula, do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA).


Esta colaboración foi esencial de conformidade cos protocolos vixentes sobre a materia, e nomeadamente co recollido no Protocolo de actuación en exhumacións de vítimas da Guerra Civil e a Ditadura comentado en anteriores apartados deste proxecto.





Imaxe 15: Fernando Serrulla fotografando un óso da UE04

Fernando Serrulla conta con 20 anos de experiencia en exhumacións da Guerra Civil española, participou en máis de 100 exhumacións en colaboración coa Sociedade de Ciencias Aranzadi, foi designado forense responsable no convenio asinado coa Xunta de Galicia no 2022 para acometer exhumación, e é doutor pola Universidade de Granada dedicando a súa tese doutoral á Antropoloxía Forense da Guerra Civil española.


Unha vez rematada a sondaxe procedeuse ó tapado da mesma, empregando xeotéxtil a modo de elemento diferenciador e indicador da potencia acadada durante a intervención.



Imaxes 16-17. Seccións E e W



Imaxes 18-19. Seccións N e S



Imaxe 20. Planta da fosa de inhumación do individuo I

.3. Estratexia de escavación

Tendo en conta a información da que se dispón logo das investigacións feitas en relación ao lugar no cal foran depositados os restos de César Alberte, nomeadamente a información aportada por quen foi enterrador na parroquia de Filgueira, propúxose a realización dunha sondaxe arqueolóxica na cabeceira da igrexa parroquial, pola parte externa do muro do inmoble, dunhas dimensións de 6x3 m orixinalmente e que posteriormente serían ampliadas a 8x3 m e acumulando a terra na zona lateral sur da igrexa, que logo sería empregada para a posterior restitución da zona ás súas condicións orixinais.

Coordenadas da sondaxe (ETRS89 / Fuso 29N):

- X: 566283
- Y: 4673667



Imaxe 21: Localización da sondaxe realizada.



Imaxe 22: Estado previo da zona a sondear




Imaxe 23: Igrexa de San Pedro de Filgueira, Crecente.

.4. Actuación arqueolóxica

Os traballos comezaron o día 24 de Novembro de 2021 coa retirada da UE01, que se corresponde co nivel de capa vexetal e terra vexetal asociada ó mesmo de 8-11 cm de potencia.



Imaxe 24: Fotografía inicial da intervención nas sondaxes



Imaxe 25. Fosa co individuo I



Imaxe 26: Desenvolvemento dos traballos iniciais

Trala retirada da UE01 defínese unha nova unidade estratigráfica: a UE02, que cubría a totalidade da sondaxe, e estaba composta por unha terra cor castaño clara con bolsadas de xabre e que acada unha potencia media de 50 cm. Nela aparece mesturado material de construción contemporáneo e ósos en posición secundaria, polo que se corresponde cun nivel de recheo.



Imaxe 27: UE02 previa á súa escavación

Para tentar definir a potencia máxima da sondaxe a escavar, procedeuse á realización dunha calicata, no sector norte da sondaxe, cunhas medidas de 2 x 3 m.



Imaxe 28: Marcado da calicata dentro da sondaxe

No transcurso da escavación na calicata, procedeuse a esgotar a UE02 e definiuse na totalidade da calicata a UE04.



Imaxe 29: UE02 durante o desenvolvemento dos traballos na calicata

Este novo nivel está caracterizado por ser moi semellante á UE02 tanto en cor como en compactado, diferenciándose a UE04 por ter unha maior cantidade de gravas de pequeno e mediano tamaño (dun tamaño menor ou igual a 3 cm) e que presentaba unha importante acumulación de cranios no sector Noroeste e cunha potencia variable de 10 a 30 cm.



Imaxe 30: UE04, como se pode observar con gran cantidade de ósos.




Imaxe 31: Detalle da limpeza dos ósos na UE04



Imaxes 32-25: Exemplos de restos óseos aparecidos na UE04

Posteriormente, e unha vez rexistrada a UE04, esgotouse a mesma ata que se definiron en planta dous enterramentos ordinarios (UE07 e UE09) así como a UE06, que se corresponde co nivel no cal se escavan as tumbas ordinarias do cemiterio parroquial antigo previo á construción do novo cemiterio.



Imaxe 36: Enterramentos na calicata: UE07 e UE09 remarcadas.

Estes enterramentos correspóndense coas UE07 e UE9 coas súas correspondentes Ues negativas UE08 e UE10, así como tamén apareceron en bo estado de conservación e en posición primaria uns metatarsos xusto baixo o perfil norte.



Imaxe 37: Detalle dos restos aparecidos baixo o perfil norte



Imaxe 38: Perfil norte baixo o cal apareceron os restos do individuo I

Unha vez localizada na calicata a UE06, procedeuse a continuar a escavación en planta do resto da sondaxe no sector sur, esgotando completamente a UE02. Baixo a UE02 rexistrouse unha interficies de destrución, a UE03, que se corresponde coa interficies que marca o corte sobre a cal estaría depositada a UE02, é dicir, o recheo. Baixo este nivel, defínese a UE21, que só estaría definida no perfil oeste, e a UE06 nas zona central e sur. A UE21 está formada por varias

bolsadas de xabre sobre un recheo, que nun momento inicial foron rexistradas de xeito independente (UE21 a UE26), pero posteriormente foron interpretadas como un mesmo nivel e equiparadas na UE21. Semella estar vinculada á ampliación do ábsida da igrexa parroquial ocorrido despois do XVII. Na UE06 documentáronse en planta varios enterramentos ordinarios, que non foron escavados debido a que son niveles anteriores ó enterramento que se pretendía localizar.



Imaxe 39: Imaxe da UE06 en planta



Imaxe 40: Fotografía da UE06 cos enterramentos remarcados



Imaxe 41: UE21 no perfil oeste

Debido á aparición dos restos en posición primaria no perfil norte (Imaxes 24 e 25), decidiuse a ampliar a sondaxe 2 m cara o norte e procedeuse á escavación do mesmo. Nesta ampliación rexistráronse os niveis previamente documentados no resto da sondaxe. Despois da decapaxe inicial (UE01), documentouse na totalidade da ampliación a UE02 coa súa respectiva interfaces UE03.



Imaxe 42: Ampliación da sondaxe en 2m cara o Norte

Baixo as UE03, e continuando coa estratigrafía que aparece no sector previo á ampliación, revélase a UE04. Como vimos, este é nivel similar á UE02 visualmente



Imaxe 43: UE02 na ampliación

pero con maior cantidade de gravas, lixeiramente mais compacta e con moita maior frecuencia de ósos. Neste nivel aparecen varios cranios en posición secundaria, como ocorre no sector previo á ampliación.



Imaxe 44: Detalle de cranio aparecido na ampliación norte



Imaxe 45: Fotografía da UE04 en planta, previa á súa escavación.

Unha vez esgotada a UE04, defínese a fosa do Individuo I (UE17 e 18, fosa e depósito respectivamente), a UE06 de enterramentos ordinarios e outro enterramento primario ,que previo á ampliación se metía cara o perfil norte (UE07

e 08, depósito e corte respectivamente). Este último é cortado parcialmente pola fosa do individuo I. As paredes superiores desta fosa son practicamente indistinguibles dos depósitos que corta (por tratárense de depósitos revoltos e de recheo) e a fosa estar enchida de depósitos similares aos cortados (Imaxe 24). Aínda así, no perfil oeste documéntase unha destrución do nivel de xabre-nivelación da construción da igrexa nunha zona que xa estaba cortada previamente para un enterramento ordinario, pero estando esta último momento de destrución lixeiramente desviado do nivel de destrución previo (Imaxe 33).



Imaxe 46: Detalle do individuo I, no depósito UE17



Imaxe 47: Detalle da UE 18 cortando á UE08 e 21. Fosa que corta a outra fosa de forma que amplía a fosa previa cortando mais o nivel con xabre (UE21)



Imaxe 48: Uso do detector de metais durante a intervención



Imaxe 49: Proceso de extracción do individuo I

Unha vez documentado o depósito no que aparece o individuo I (UE017) procédese á súa escavación completa, revelando o que o fondo da fosa do enterramento do individuo (UE18) corta parcialmente a UE06 -ademais das UE07 e 08-, polo que necesariamente ten que ser mais recente que estes niveis.



Imaxe 50: Detalle da fosa escavada

Polo tanto, chegados a este punto, a UE6 esténdese pola totalidade da planta da sondaxe e, neste nivel, documéntanse unha serie de enterramentos ordinarios: Enterramento I (UE07 e 08), Enterramento II (UE09 e 10) Enterramento III (UE11 e 12), Enterramento IV (UE13 e 14), Enterramento V(UE15 e 16), Enterramento VI (UE27 e 28) e un depósito gris moi posiblemente vinculado a un enterramento e ao seu correspondente corte, que foi escavado parcialmente por encontrarse a unha cota lixeiramente superior (UE19 e 20)



Imaxe 51: Proceso de limpeza da UE06



Imaxe 52: Fotografía co nivel de enterramentos ordinarios en planta

Debido a que o obxectivo era localizar un enterramento en fosa non ordinario - como é o caso do Individuo I- e que na sondaxe só quedan enterramentos ordinarios -e polo tanto non poden ser fosas de represaliados pola súa morfoloxía e pola súa cronoloxía relativa-, deuse por cumprido o obxectivo da intervención. Rematouse o rexistro final, procedeuse á cuberta do fondo da sondaxe cunha

manta xeotéxtil e á restitución da sondaxe e da zona á súa situación orixinal.



Imaxe 53: tapado con manta xeotextil



Imaxe 54: Sondaxe tapada con manta xeotextil



Imaxe 55: Proceso de recheo da sondaxe




Imaxe 56: Restitución da zona ocupada pola terreira



Imaxe 57: Proceso de restitución da sondaxe



Imaxe 58: Sondaxe restituída



PLANTA SAN PEDRO DE FILGUEIRA (CRECENTE)

.5. Unidades estratigráficas e interpretación cronolóxica


7.5.1. Listaxe de Unidades estratigráficas

Nº UE	TÍTULO	U.R.	TIPO	OBSERVACIÓNS
1	CAPA VEXETAL		DEPÓSITO	
2	RECHEO CON XABRE		DEPOSITO	
3	INTERFACIES RECHEO 02		INTERFACIES	
4	DEPÓSITO CON CRANIOS		DEPÓSITO	
5	INTERFACIES DEPÓSITO CRANIOS		INTERFACIES	
6	TERRA GRIS ORIXINAL		DEPÓSITO	UE NA QUE ESTÁN ESCAVADOS OS ENTERRAMENTOS ORDINARIOS
7	ENTERRAMENTO ORDINARIO I		DEPÓSITO	
8	FOSA ENTERRAMENTO ORDONARIO I		INTERFACIES	INTERFACIES DE DESTRUCCIÓN/CORTE DO ENTERRAMENTO I
9	ENTERRAMENTO ORDINARIO II		DEPÓSITO	
10	FOSA ENTERRAMENTO ORDINARIO II		INTERFACIES	INTERFACIES DE DESTRUCCIÓN/CORTE DO ENTERRAMENTO II
11	ENTERRAMENTO ORDINARIO III		DEPÓSITO	
12	FOSA ENTERRAMENTO ORDINARIO III		INTERFACIES	INTERFACIES DE DESTRUCCIÓN/CORTE DO ENTERRAMENTO III
13	ENTERRAMENTO ORDINARIO IV		DEPÓSITO	
14	FOSA ENTERRAMENTO ORDINARIO IV		INTERFACIES	INTERFACIES DE DESTRUCCIÓN/CORTE DO ENTERRAMENTO IV
15	ENTERRAMENTO ORDINARIO V		DEPÓSITO	
16	FOSA ENTERRAMENTO ORDINARIO V		INTERFACIES	INTERFACIES DE DESTRUCCIÓN/CORTE DO ENTERRAMENTO V
17	DEPÓSITO INDIVIDUO I		DEPÓSITO	
18	FOSA INDIVIDUO I		INTERFACIES	INTERFACIES DE DESTRUCCIÓN/CORTE ONDE ESTÁ O INDIVIDUO I
19	DEPÓSITO ESCURO SUR		DEPÓSITO	
20	CORTE DEPÓSITO SUR		INTERFACIES	INTERFACIES DE DESTRUCCIÓN/CORTE DO DEPÓSITO SUR
21	XABRE ENTREFOSAS I		DEPÓSITO	PERFIL W; EQUIPARADO 21
22	XABRE ENTREFOSAS II		DEPÓSITO	PERFIL W; EQUIPARADO 21
23	XABRE ENTREFOSAS III		DEPÓSITO	PERFIL W; EQUIPARADO 21
24	XABRE ENTREFOSAS IV		DEPÓSITO	PERFIL W; EQUIPARADO 21
25	RECHEO XABRE ENTREFOSAS V		DEPÓSITO	PERFIL W; EQUIPARADO 21
26	RECHEO XABRE ENTREFOSAS VI		DEPÓSITO	PERFIL W; EQUIPARADO 21
27	ENTERRAMENTO ORDINARIO VI		DEPÓSITO	
28	FOSA ENTERRAMENTO ORDINARIO VI		INTERFACIES	INTERFACIES DE DESTRUCCIÓN/CORTE DO ENTERRAMENTO VI

7.5.2 Interpretación cronoestratigráfica da zona intervida

Sobre un nivel de terra de cor gris, a UE06, amplíase a ábsida da igrexa parroquial de Filgueira, no século XVIII, facendo un nivel de recheo con material de construción e unha capa de xabre de nivelación, a UE021 (equiparada a ás UEs 22,23,24,25 e 26. UE21 en adiante). Posteriormente, realízanse unha serie de enterramentos ordinarios que cortan a UE21 e tamén a UE06. Mais tarde, continuaréase a actividade no cemiterio, o que provoca unha remoción na zona norte do xacemento xerando a UE04 e a interfaces UE05, posiblemente vinculada a outros enterramentos ou a un osario. Despois haberá outro momento de actividade xeneralizada, que afecta á totalidade da sondaxe e que xera un gran depósito de revolto/recheo, as UE02 e UE03. Será na UE02 onde se escavaréase a fosa para o enterramento do individuo I, probablemente no 1936 -no caso de confirmarse que correspondan cos restos de César Alberte-, e que cortará a UE02, UE03, UE04, UE05, UE07, UE08 e UE06, é dicir, os niveis de recheo/revolto (UE02,03,04 e 05), para asentarse sobre o mesmo nivel que as tumbas ordinarias, na UE06. Unha vez se tapa o enterramento xérase un nivel de terra vexetal e herbáceas que se corresponde coa UE01.

7.5.3 Matrix Harris da secuencia estratigráfica



Imaxe 60: Matrix Harris da secuencia estratigráfica

.6. Materiais arqueolóxicos recuperados

O número total de materiais inventariados é de 31 , que se corresponden con cerámica e metais, vidro e coiro.

A grande maioría dos fragmentos cerámicos identificados adscribíense á época contemporánea, aparecendo en posición secundaria, nas UEs superficiais. Tamén se identificou algún fragmento de cerámica moderna nos estratos superiores e en posición secundaria. Os metais aparecidos na súa totalidade, están asociados a cadaleitos como cravos ou asas que servían para o porte do mesmo.

No caso das cerámicas hai louza industrial contemporánea, así como tellas vinculadas a obras de renovación do teitume da igrexa nos anos 40. Tamén aparece cerámica moderna de pintura azul, que a falta dun estudo mais pormenorizado, son adscritos á faiança portuguesa e cerámica de Talavera.

En canto ós vidros, consérvanse dous grandes fragmentos de floreiros e un vidro en forma de bágua moi común en lámpadas actuais. No caso concreto do coiro, trátase dunha sola de zapato vinculado a unha zona de enterramento.

Tamén se documentaron grande cantidade de restos óseos na UE04, en posición secundaria e revoltos, que foron recollidos e entregados ao forense encrago da súa análise, coa fin de poder determinar se presentan signos de violencia e puideran ser adscritos a posibles represaliados. Na presente memoria inclúese un informe antropolóxico preliminar sobre os mesmos.



Imaxe 61: Materiais da UE02



Imaxes 62-65: Materiais localizados na UE02



Imaxe 66: Exemplo de materiais da UE19

Inventario de materiais arqueolóxicos

SIGLA	UE	TIPO	CRONOLOXIA	FORMA E DESCRICION
CRE21.UE01.001	1	Cerámica	Contemporánea	Corpo de posible faiança lisboeta
CRE21.UE01.002	1	Cerámica	Contemporánea	Ladrillo: material de construción
CRE21.UE01.003	1	Cerámica	Contemporánea	Tella: material de construción
CRE21.UE02.001	2	Cerámica	Moderna	Bordo de posible faiança Portuguesa
CRE21.UE02.002	2	Cerámica	Contemporánea	Base
CRE21.UE02.003	2	Cerámica	Contemporánea	Corpo
CRE21.UE02.004	2	Cerámica	Contemporánea	Corpo
CRE21.UE02.005	2	Cerámica	Contemporánea	Corpo
CRE21.UE02.006	2	Cerámica	Moderna	Bordo de anforiña de indias
CRE21.UE02.007	2	Cerámica	Moderna	Corpo de faiança
CRE21.UE02.008	2	Cerámica	Moderna	Corpo de faiança
CRE21.UE02.009	2	Cerámica	Contemporánea	Corpo
CRE21.UE02.010	2	Cerámica	Contemporánea	Corpo
CRE21.UE02.011	2	Cerámica	Contemporánea	Corpo
CRE21.UE02.012	2	Ferro	indeterminada	Asa cadaleito
CRE21.UE02.013	2	Ferro	indeterminada	Asa cadaleito
CRE21.UE02.014	2	Vidro	Contemporánea	Floreiro
CRE21.UE02.015	2	Cerámica	Contemporánea	Corpo
CRE21.UE02.016	2	Ferro	indeterminada	2 clavos de cadaleito
CRE21.UE02.017	2	Vidro	Contemporánea	Floreiro
CRE21.UE02.018	2	Ferro	indeterminada	Asa cadaleito
CRE21.UE02.019	2	Vidro	Contemporánea	semella adorno de lámpada
CRE21.UE19.001	19	Cerámica	Moderna	Faiança ou Talavera
CRE21.UE19.002	19	Cerámica	Moderna	Faiança ou Talavera
CRE21.UE19.003	19	Cerámica	Moderna	serie azul talaverana
CRE21.UE19.004	19	Coiro	indeterminada	sola de zapato de coiro
CRE21.UE19.005	19	Bronce	indeterminada	Asa cadaleito
CRE21.UE19.006	19	Bronce	indeterminada	Asa cadaleito
CRE21.UE19.007	19	Cobre	indeterminada	Moeda

.7. Informe antropológico preliminar⁴

7.7.1. Introducción

O presente apartado corresponde ao estudo antropológico preliminar dos restos humanos recuperados no transcurso de escavación arqueolóxica que se realizou no xacemento de San Pedro de Filgueira (Crecente, Pontevedra), entre os días 24 de novembro e 3 de decembro.

7.7.2. Materiais e métodos

Para a escavación e extracción dos restos óseos humanos foi importante o uso de ferramentas de precisión para a retirada da terra que rodea o óso ata deixalo ben delimitado e poder retiralo co menor dano posible.

O material óseo atopado durante a escavación foise gardando en bolsas de plástico e inventariado no rexistro da intervención. Este procedemento levouse a cabo de diferentes maneiras, dependendo do estado de conservación do óso, a cantidade deste e a parte anatómica preservada. Naqueles casos nos que só se conservaron ou se atoparon pequenos fragmentos ou fragmentos da zona diafisaria que non permitiron a identificación do óso nin aportaron información destacable para a investigación, foron gardados nunha bolsa común ou xeral. Naquelas ocasións onde o óso se conservaba enteiro, a maior parte do óso ou/e as epífises dos mesmos, foron envoltos en papel de periódico (coa fin de diminuír a humidade) e posteriormente introducidos en bolsas de plástico perforadas, para evitar a condensación.

No caso dos cranios atopados (sendo unha grande fonte de información e unha zona anatómica delicada, formada por diferentes ósos) foron gardados en bolsas de plástico e posteriormente, introducidos en caixas do mesmo material, tendo coidado de conservar o depósito que enche o interior cranial. Para evitar, aínda máis posibles danos fíxose unha "cama" composta de bolas de periódico no fondo destas caixas. Asígnouse un código numérico correlativo a cada cranio, previo a súa retirada, coa intención de individualizalos.

⁴ Informe realizado por Ainhoa Dapena Bugallo arqueóloga e antropóloga física e forense

7.7.3. Identificación de evidencias anómalas e determinación de sexo e idade

Referente aos fragmentos de óso longo atopados, non foi observada ningunha evidencia anómala *in situ*. Tampouco se determinou nin o sexo nin a idade xa que non se preservaban os elementos de observación necesarios para estes diagnósticos e tamén pola mala conservación dos ósos, debido a terra ácida característica de Galicia.

Respecto ás caveiras, mencionadas anteriormente, foron estudadas de maneira preliminar polo antropólogo forense, Fernando Serrulla, para identificar as posibles evidencias anómalas que puideran presentar, especialmente sinais de violencia, como por exemplo buratos de bala. Para iso, o Doutor Serrulla, primeiramente, retirou cun pincel a terra concretada no cranio (ben sexa enteiro ou fragmentado) para observar con maior claridade estes sinais.

Por outro lado, nos casos que foi posible, intentouse determinar o sexo mediante a observación das evidencias craniais relacionadas con cada sexo. En relación coa determinación da idade, neste caso de individuos adultos, observouse o estado de obliteración das suturas craniais, dado que non se dispuña doutros elementos conservados que permitisen a diagnose, como o desgaste dental.

7.7.4. Metodoloxía aplicada no individuo localizado en posición primaria

En relación coa metodoloxía empregada para á exhumación do individuo conservado en posición primaria, posiblemente correspondente aos restos de César Alberte, foi a mesma que a empregada no resto de restos óseos, pero neste caso para a conservación, individualizouse cada extremidade segundo a súa lateralidade e/ou segundo o tipo de óso. No caso do cranio e a pelve, engadir que foron extraídos en bloque (é dicir, extraéronse coa terra na que repousaba) debido a súa precaria conservación, para posteriormente acabar de escavalos no laboratorio. Respecto o rexistro dos restos de este individuo procedeuse á asignación dun código numérico previamente á súa retirada.

7.7.5. Número mínimo de individuos, tafonomía e estado de conservación xeral

En referencia ao número mínimo de individuos, neste caso non foi posible determinar a partires dos ósos longos, dado que o xacemento intervido (antigo cemiterio de San Pedro de Filgueira) presentaba un recheo formado por unha remoción de terras, que provocaron a fragmentación dos ósos e á descontextualización dos mesmos. Pero, en contraposición, púidose achegar a esta diagnose mediante a contabilización dos 13 cranios atopados na UE4. Ademais disto, debe terse en conta a localización das interfaces e recheos correspondentes aos enterramentos ordinarios realizados no adro da igrexa, previamente ao traslado do mesmo (con anterioridade aos acontecemento do 36), dado que indican a presenza de máis individuos.



Imaxe 67: Concentración de cranios no sector NW da intervención previa á ampliación



Imaxe 68: UE04 no Sector N previo á súa escavación

Así mesmo, débese sinalar que o estado de conservación en xeral é deficiente, principalmente a causa da acidez do substrato galego e ás raíces que danaron os ósos. Non semella haber relación entre o tipo de enterramento e o estado de conservación dos restos óseos. O que resulta relevante é o tempo transcorrido, dado que os restos óseos de individuo 1 (posiblemente correspondentes a César Alberte) non foron inhumados nun ataúde pero presentan unha bo estado de conservación xa que só transcorreron 86 anos dende o seu enterro. En cambio os ósos pertencentes ao antigo cemiterio presentan unha cortical moi danada e cunha consistencia e coloración diferente.



Imaxe 69: Encadrado en cor verde óso pertencente ao antigo cemiterio e en cor laranxa restos pertencentes ao individuo número 1 (posiblemente César Alberte).

7.7.6. Descrición dos restos óseos exhumados

Unha exposición a análise preliminar acerca do estado de conservación dos restos humanos atopados durante a escavación, recóllese a descrición detallada dos mesmos e da interpretación preliminar das evidencias.

Neste caso os restos óseos pódense dividir en dous grupos: os ósos descontextualizados (aqueles atopados durante a escavación dos recheos ata chegar aos niveis de enterramento) e os ósos pertencentes ao individuo 1.

- **Ósos descontextualizados**
 - Ósos varios

Dentro deste grupo atopáronse especialmente partes diafisarias tanto de extremidades superiores (húmero, ulna ou cúbito e radio) como de extremidades inferiores (fémur, tibia e peroné ou fíbula). Aínda que tamén se observou a presenza de ósos coa epífise proximal conservada especialmente en húmeros, fémures e peronés.



Imaxe 70: Diáfese de fémur (na parte superior) e fémur con epífise proximal (na parte inferior da imaxe).



Imaxe 71: Fragmento da zona diafisária de fémur.

Tamén se sinala a localización de fragmentos de vértebras lombares, escápula, metatarsos e falanxes pertencentes aos pés.

➤ **Cranios**

Durante á escavación do recheo atopáronse 13 cranios dos cales 10 foron revisados en campo. Desta revisión púidose extraer a información preliminar seguinte:

▪ **Cranio Nº1**

Este cranio pertencería a un individuo adulto maduro, dado que presenta as suturas craniais lambdoide, coronal e saxital significativamente pechadas (é dicir, cunha obliteración avanzada). En relación ao sexo non se puido determinar, dado que as partes conservadas desta caveira eran insuficientes para esta diagnose.

Respecto ós signos anómalos no óso, destacar que non presenta fracturas perimortem (período arredor da morte).

▪ **Cranio Nº2**

En este caso, a caveira presentaba as suturas coronal, lamboidea e saxital abertas (cunha obliteración baixa. Polo tanto estaríamos falando dun individuo xoven. En referencia ao sexo, non se puido determinar por falta de elementos para esta diagnose.

Destacar que este individuo presentaría sinais de violencia na zona occipital, xa que se observou a presenza dun orificio de morfoloxía circular. Este burato non presenta bisel nin no exterior nin no interior da calota cranial, nin amosa radios de fractura saíndo deste orificio (estes prodúcense tanto de entrada como de saída a causa da rotura do cranio cando a elasticidade da cortical do óso chega o seu límite). Sen embargo observouse que un destes radios, que saen deste orificio, indican que o impacto de bala podería ser *perimortem* dado que a fractura presenta unha pátina da mesmo cor que o exterior do cranio. Se esta se produciría *postmortem*, presentaría unha cor máis clara (branca). Con estas observacións, tanto do orificio como dos radios de fractura, o doutor Serrulla propón a hipótese da lesión coma un orificio de entrada de proxectil.



Imaxe 72: Cranios n°1 e n°2



Imaxe 73: Detalle do cráneo N°2, onde se aprecia o posible orificio de entrada dun proxectil na zona occipital.

▪ **Cranio N°3**

Neste caso propónse a posibilidade de que este cráneo puidera corresponder a un individuo xoven pola presenza de suturas abertas (é dicir, cunha obliteración pouco marcada). Non se determinou o sexo pola falta de elementos anatómicos claros.

A parte de conservarse a zona parietal esquerda e o temporal, tamén se conservaron varias vértebras cervicais, concretamente parte de axis (C2). A parte conservada é a odontoides, na cal se observan posibles signos de impacto de proxectil (fracturas que poderían ser perimortais), aínda que se terá que revisar en laboratorio.

Por tanto trataríase doutro caso no que non se pode excluír signos de violencia.

▪ **Cranio N°4**

O cráneo pertencería a un individuo de idade adulta madura dado que as suturas craniais están marcadamente obliteradas (especialmente as suturas coronal e saxital). Por outra banda, nesta ocasión existen suficientes elementos anatómicos que permiten a diagnose sexual. Observouse que a glabella e arco supraciliar están moi marcados e que a mastoides é grande, evidencias asociadas ó sexo masculino. Ademais, dacordo as medidas da cavidade glenoidea da escápula dereita conservada, apoiarían esa hipótese.

Obsérvanse fracturas perimortem anómalas na base do cráneo que poderían corresponder con sinais de violencia, se ben de forma preliminar.

▪ **Cranio N°5**

Nesta ocasión este cráneo correspondería a un individuo adulto senil, dado que a mandíbula presenta unha reabsorción alveolar total de toda a dentición. Referente ó sexo, trataríase dunha muller, dado que presenta un borde orbitario fino e o arco supraciliar e glabella non marcados. Ademais apréciase unha mastoides pequena.

Por último, no que respecta ás patoloxías, soamente se observou artrose avanzada nas vértebras cervicais conservadas.



Imaxe 74: Cranios nº 3, 4 e 5

- **Cranio N°6**

Este cranio podería pertencer a un individuo xoven, dado que se observou un desgaste dental incipiente e a sutura lambdoidea aberta. Ao ter a sutura saxital marcadamente obliterada subiría o rango de idade aos 30 anos aproximadamente, polo que se podería clasificar como un individuo adulto xoven. Respecto ao sexo, neste caso trataríase dun home porque presenta un bordo orbitario grosso, aínda que presenta unha mastoide pequena, sendo este un elemento característico do sexo feminino.

Sínálase que presenta a perda dalgunha peza dental *antemortem*, xa que se observa reabsorción alveolar para algún dente.

Non se puideron excluír signos de violencia marcados, dado que se identificaron posibles fracturas perimortais que concordan cun estoupido cranial provocado probablemente por un impacto de proxectil. Tamén cabe destacar que se conservou a segunda vertebra cervical (C2) pero coa particularidade de

que presenta a perda da odontoide. Isto poderíase relacionar cunha posible acción violenta. Por tanto, nesta ocasión tampouco se pode descartar a posibilidade de morte con violencia.



Imaxe 76: Cranio 6

- **Cranio N°7**

Este cranio non permitiu unha diagnose da idade e sexo por falta de partes anatómicas que nos puideran aportar sobre esta información, se ben o cranio amosa unha mastoide pequena, a cal se asocia co sexo feminino.

Obsérvanse signos de violencia, en concreto un posible orificio de entrada de bala de 7 mm no óso parietal dereito.



Imaxes 77-78: Cranio nº 7

- **Cranio N°8**

En este caso trátase dun fragmento da zona frontal, o cal presenta un orificio probablemente por impacto de proxectil cun diámetro grande, que podería corresponder a unha escopeta.

Sinalar que ao só conservarse este pequeno fragmento cranial, non se puido diagnosticar nin a idade nin o sexo do individuo.



Imaxe 79: Fragmento conservado do cranio n° 8 con orificio

- **Cranio N°9**

Este cranio podería pertencer a un individuo adulto xoven dado que presenta a sutura lambdoidea aberta. O sexo non se determinou por falta de elementos óseos diagnósticos.

A nivel patolóxico, obsérvase á presenza de osteíte (*antemortem*) no temporal dereito por posible infección, aínda que non se pode descartar que sexa tafonómico. Tamén se identificou destrución da táboa interna, dunha zona do cranio, con lesión osteítica *antemortem* que podería ser resultado da meninxites.



Imaxe 80: Cranio 9

- **Cranio N°10**

Mediante a observación deste cráneo, poderíase dicir que pertence a un individuo adulto xoven xa que presenta as suturas temporo-occipital, cornal e lamboidea abertas. A diagnose sexual non foi posible determinarse. A nivel de patoloxías volveuse a observar a mesma reacción identificada no cráneo número 9 na cortical de táboa interna do cráneo, pero podería ser de orixe tafonómica.

Nun dos fragmentos de cráneo conservados identificouse un burato que podería ser compatible cun impacto de proxectil. Por tanto, non podería excluírse unha morte violenta.



Imaxe 81: Cranio 10

Dos cranios número 11, 12 e 13 non se puido extraer información preliminar dado que non puideron ser revisados en campo.



Imaxe 82: Cranios 11 e 12

Cranios	Idade	Sexo
Cranio Nº1	Adulto maduro	Non determinado
Cranio Nº2	Adulto xove	Non determinado
Cranio Nº3	Adulto xove	Non determinado
Cranio Nº4	Adulto maduro	Home
Cranio Nº5	Adulto senil	Muller
Cranio Nº6	Adulto xove	Home
Cranio Nº7	Non determinado	Non determinado
Cranio Nº8	Non determinado	Non determinado
Cranio Nº9	Adulto xove	Non determinado
Cranio Nº10	Adulto xove	Non determinado

*resultados preliminares

▪ **Individuo Nº1**

O individuo Nº 1 correspóndese cos restos esqueléticos pertencentes a un adulto, ben articulado e posicionado en decúbito supino, se ben presenta certa curvatura da parte superior do corpo, ao estar adaptado o corpo ao tamaño e forma da fosa. Coa cabeza lateralizada á dereita, presenta as extremidades inferiores en extensión pero cos pés cruzados. Respecto ás extremidades superiores, obsérvase que o brazo dereito estaría semiflexionado a nivel torácico e o brazo esquerdo en extensión pegado ao corpo.



Imaxe 83: Restos esqueléticos do Individuo I en posición primaria

Podería tratarse dun home (duns 160 cm de estatura aproximadamente) dado que durante á extracción dos restos observouse que a escotadura ciática (situada na pelve) tiña un ángulo cerrado (é dicir, tiña unha abertura estreita), trazo asociado ao sexo masculino. Respecto á idade poderíase propor que fose maior de 35 anos, dado que a S1 (primeria vértebra do óso sacro) está fusionada. Ademais presenta sinostose completa das epífises de todos os ósos. Esta información é froito dunha revisión preliminar polo que deberá agardarse á información a partires do estudo de laboratorio para uns resultados concluíntes.

Non se puido observar ningún sino de violencia en campo, como por exemplo un orificio de bala no cráneo, nin evidencias patolóxicas.

7.7.7. Valoración

O presente estudo antropolóxico elaborado a partir dos traballos arqueolóxicos realizados na sondaxe da igrexa de San Pedro de Filgueira (Crecente, Pontevedra), permiten expoñer as seguintes conclusións preliminares.

1. Os ósos atopados durante o proceso de escavación, que forman parte das unidades estratigráficas de recheo, son sobre todo ósos longos como húmeros, radios, cúbitos, fémures, tibias e peronés. Tamén se atoparon 13 cranios dos cales 10 se estudaron de xeito preliminar en campo e os restos dun individuo conservado en posición primaria.

2. Dos 10 cranios estudados en campo, 5 clasificáronse como adultos xóvenes, 2 como adultos maduros, 1 como adulto senil e dous non determinados. Respecto ao sexo 2 como homes, 1 como muller e 7 como non determinados.

3. Por último, en referencia ao individuo 1, atopouse en posición primaria, ben articulado, nunha posición anómala e non funeraria, xa que presentaba as extremidades inferiores en extensión cos pés entrecruzados e as extremidades superiores co brazo dereito semiflexionado a nivel de tórax e á esquerda en extensión. Ademais foi inhumado directamente nunha fosa, sen ataúde, pequena para o tamaño seu corpo. Estas dúas últimas cuestións fan pensar que foi enterrado sen coidado e con présas. Podería tratarse dun home maior de 35 anos e de 160 cm de altura (aproximadamente), elementos que encaixan cos datos que se tiñan de César Alberte, se ben serán as probas de ADN as que determinen dita identidade.

4. Un dato de interese foi a identificación de sete cranios con sinais de violencia. Tres deles amosan orificios compatibles con impacto de proxectil. Esta situación podería apuntar á posibilidade de que os restos de César Alberte non fosen os únicos pertencentes a represaliados (ou por causa doutro conflito) enterrados no antigo cemiterio da igrexa de San Pedro de Filgueira.

8. Conclusións.

A presente memoria describe os traballos de sondaxe arqueolóxica realizados entre os días 24 de novembro e 3 de decembro de 2021 no exterior da cabeceira da Igrexa de San Pedro de Filgueira, no termo municipal de Crecente. Estes traballos foron promovidos pola Universidade de Santiago de Compostela e supervisadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

Os obxectivos desta actuación foron os de escavación e identificación dos restos, documentación e análise en campo dos restos humanos localizados, así como a exhumación e extracción dos mesmos.

O traballo fundamentouse a partires dos datos aportados polas fontes bibliográficas e documentais e as testemuñas orais, cos datos obtidos durante os procesos de orientación.

Así mesmo adoptáronse as medidas de conservación e protección necesarias de cara a preservación dos restos óseos para a súa posterior análise de ADN e diagnose no laboratorio, coa fin de obter datos primarios non observados en campo e o rexistro de posibles marcas de violencia visibles nos restos.

Para a consecución dos obxectivos expostos, realizouse unha sondaxe en base ás fontes bibliográficas e orais anteriormente descritas, na cabeceira da igrexa parroquial de San Pedro de Filgueira, concello de Crecente.

A sondaxe partiu dunhas dimensións iniciais de 6 m de lonxitude por 3 m de anchura, no eixo NW-SE e totalmente paralelo ao muro E da parede da igrexa. Posteriormente, esta sondaxe viuse ampliada en 2 m cara o eixo NW en función das evidencias atopadas, sendo estas un enterramento en posición primaria posterior ao nivel de enterramentos de veciños no cemiterio parroquial.

Durante o transcurso desta ampliación, documentouse un enterramento individual, en posición primaria e presentando disposición anómala en comparación cos enterramentos ordinarios en caixa.


Desde o punto de vista crono-estratigráfico, trátase do enterramento máis recente neste espazo, detectándose que para a realización do enterramento

levouse a cabo unha destrución parcial dun enterramento previo. Este feito pode indicar a distancia temporal con respecto dos enterramentos ordinarios previos, debido a que non se respecta o espazo en planta, ben porque o cemiterio xa non estaba en uso e se descoñecía a localización dos mesmos, ou ben polo apurado do enterramento en fosa.

Outro dos motivos que indican as diferenzas deste enterramento é a falta de cadaleito, posto que o individuo foi enterrado directamente na terra e nunha posición non funeraria: coas pernas cruzadas, a dereita baixo da esquerda, un brazo enriba do peito e outro ao costado, e sen depositarse completamente estendido, senón coa cabeza botada para adiante, acomodándose á forma da fosa irregular e de escasa profundidade, datos suficientemente significativos.

No que respecta aos materiais arqueolóxicos, inventariáronse pezas cerámicas, metais e vidros. Todos eles se corresponden con pezas de Época Moderna e Contemporánea, en posición secundaria en estratos revoltos.

A falta das analíticas de ADN e o estudo forense en laboratorio, cabe propor a posibilidade de que o individuo I localizado, correspondan cos restos mortais de César Alberte e que perante ao uso dos protocolos de extracción anteriormente descritos, déronse por cumpridos os obxectivos previstos para a presente actuación.



Asdo. Dr. Mario César Vila
Arqueólogo – Técnico en Patrimonio Cultural
Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2022

9. Planimetría

1. Situación das sondaxes
2. Planta de unidades estratigráficas e cotas
3. Planta de detalle da UE17 e cotas
4. Plante de detalle do individuo 1 e cotas
5. Representación das unidades estratigráficas sobre imaxe xerada mediante fotogrametría terrestre.
6. Seccións N-S
7. Cotas fosa individuo 1
8. Representación do individuo 1



Nº plano:

1

Proxecto: Intervención arqueolóxica na igrexa de San Pedro de Filgueira (Crecente, Pontevedra) para a identificación e exhumación dos restos de César Alberte.

Mapa: Situación xeral.

Lenda:





Sondaxe


Escala:


0 10 20 m
















146.024




PERFIL ESTE



146.127


145.97



PERFIL OESTE



145.95



Nº plano:

8

Proxecto: intervención arqueolóxica na igrexa de San Pedro de Filgueira (Crecente, Pontevedra) para a identificación e exhumación dos restos de César Alberte.

Mapa: Debuxos do individuo identificado.

Escala:

